

# CONVOCATORIA DA III GRAN GALA DO DEPORTE A CORUÑA E A SÚA COMARCA

O Concello de A Coruña e La Opinión A Coruña convocan a III edición da Gran Gala do Deporte da Coruña e a súa Comarca, que terá lugar este ano 2020. A Gala desenvolverase con arranxo ás seguintes

## BASES

**1.- A Gran Gala do Deporte da Coruña e a súa Comarca ten como obxectivo premiar o labor e o traballo dos mellores deportistas masculinos e femininos, en función dos éxitos acadados ao longo do ano 2019.**

**2.- Os premiados deberán ser naturáis da Área Metropolitana de A Coruña, levar empadroados nestes concellos polo menos un (1) ano ou desenvolver a súa actividade nun club de destes concellos. Área Metropolitana: A Coruña, A Laracha, Abegondo, Aranga, Arteixo, Bregondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cerceda Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada, Vilarmador e Vilasantar.**

**3.- A Organización, a través do Xurado convocado ao efecto, elixirá tres finalistas para cada un dos seguintes premios, do que será seleccionado un ganador na Gala do Deporte:**

- **Mellor Deportista feminina da Coruña e a súa Comarca do ano 2019.**
- **Mellor Deportista masculino da Coruña e a súa Comarca do ano 2019.**
- **Mellor Deportista Promesa feminina da Coruña e a súa Comarca do ano 2019.**
- **Mellor Deportista Promesa masculino da Coruña e a súa Comarca do ano 2019.**
- **Mellor deportista con discapacidade do ano 2019.**
- **Mellor equipo da Coruña e a súa Comarca do ano 2019.**
- **Mellor club de Coruña e a súa Comarca do ano 2019.**
- **Mellor adestrador/a da Coruña e a súa Comarca do ano 2019.**
- **Mellor árbitro ou xuíz do ano 2019.**
- **Mellor competición do ano 2019.**

**4.- Cada Federación poderá nomear ao seu mellor deportista, e a súa mellor promesa (home ou muller) cumprimentando debidamente o anexo I. O xurado terá en conta as propostas das federacións na súa decisión. A folia de nomeamento deberá presentarse nas oficinas de La Opinión A Coruña. Tamén se poderán presentar por email en [galadodeporte@laopinioncoruna.es](mailto:galadodeporte@laopinioncoruna.es), antes do 1 de decembro de 2020 (incluído).**

**5.- O xurado da gala resérvase o dereito de elixir gañadores non propostos polas federacións, se o caso así o requirise.**

**6.- O xurado da gala poderá otorgar os seguintes premios especiais:**

- **Premio Deporte Solidario do ano 2019.**
- **Premio á deportividade do ano 2019.**
- **Premio traxectoria profesional de A Coruña e a súa Comarca.**
- **Mención especial do Xurado.**

**7.- A organización resérvase a postestade de incluír un premio seleccionado polos lectores.**

**8.- O xurado estará formado por un membro do Goberno Municipal do Concello da Coruña en calidade de presidente/a, un membro de cada un dos grupos políticos representados na Corporación (PSdeG-PSOE, PP, Marea Atlántica, BNG e Grupo Mixto salvo que declinen a invitación), a lo menos un deportista de recoñecido prestixio da Coruña, así como por un representante de La Opinión A Coruña e xornalistas especializados en Deportes de A Coruña. Como secretario do xurado actuará un membro da Concellería de Deportes, con voz e voto.**